



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº9/2025

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 19 DE DECEMBRO DE 2025 -

No día de hoxe, ás 14:00 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN: PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

AUSENCIAS: PP

AZUCENA CAO SIERRA

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 4/2025” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das obras que se pretenden incluír no POS+ ADICIONAL 4/2025.

Sr. Rego Baamonde: *“Xa levamos tempo falando que a beira do Sor estaba necesitada de facer algo, pero hai mais”*

Sr. Alcalde: *“ Por algo hai que empezar”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
MELLORA RUTA PR-G212 PONTE DO PORTO – PONTE ULLÓ	102.902,31 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	102.902,31 €
MELLORA PISTA LABRADÍAS – OCOTO (GRAÑAS DO SOR)	46.497,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	46.497,40 €
TOTAL	149.399,71 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	149.399,71 €

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nesta táboa.

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE DATA 6 DE MAIO DE 2025 DA OBRA “ESTRADA IGREXA O BARQUEIRO” DO POS+2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Con data 15 de setembro de 2025 presentouse proxecto modificado asinado dixitalmente o 6 de maio de 2025 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial da obra “ESTRADA IGREXA O BARQUEIRO” á Deputación Provincial da Coruña, presentado para cambiar unha das actuacións non autorizadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por outras intervencións de natureza similar ás restantes incluídas no proxecto inicial.

O proxecto modificado foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación, emitíndose o 24 de outubro de 2025 un informe favorable, condicionado a súa aprobación polo concello.

O Sr. Rego Baamonde manifesta “Se debería ir pensando en mellorar a Ponte sobre a vía, algo haberá que facer”

Sr. Alcalde: “A Ponte é incómoda”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado de data 6 de maio de 2025 da obra “ESTRADA IGREXA O BARQUEIRO” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Pablo Blanco Ferreiro cun importe de 58.811,31 euros.

SEGUNDO.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde, Alfredo Dovale Pedreira, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ás 14:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dña. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira